

8



Ollos abertos

Converter os soños en realidades

É importante ter bons soños e proxectos, pero o más importante é fazer o posible para que se cumpran.

Roberto, despois de cada avaliación fai o propósito de estudar, para non volver a suspender, pero enseguida se esquece e segue sen estudar coma sempre.

Antía arrepíntese continuamente de ser respondona cos seus pais, fai propósitos de ser cariñosa e educada, pero tén un xenio tremendo e esquece os seus proxectos e propósitos.

► ¿Pasouche a ti algo disto?

Iván soña con ser un bo futbolista, pero cástalle ir aos adestramentos e, cando vai, non fai o que o adestrador lle manda, porque di que cansa.

Andrea sempre está a prometer que o próximo domingo irá á misa e ás reunións do grupo de catequese, pero á hora de erguerse, é moi preguiceira e cástalle saír da cama.



Mirada penetrante


Das promesas ás obras

A todos nos custa ás veces levar os nosos propósitos á práctica, converter os proxectos en realidade e cumplir as promesas.

■ Propósitos, proxectos e promesas

Dos soños...	(con propostas concretas)	... á realidade
	(Facer ben aos demais, axudar aos pais, compartir algo cos necesitados...)	
	(Estudar, sacar boas notas, ser cariñoso e educado coas persoas...)	
	(Ir á misa os domingos, participar nas reunións de catequese, chegar puntual...)	

A todos nos pode pasar algo disto:



Son moi importantes os **propósitos**, os **proxectos**, as **promesas**.
Pero más importantes son a **práctica**, a **realidade**, as **obras**.



Oídos atentos

En Xesús faise presente o Reino de Deus

Coas palabras e as obras de Xesús empeza a facerse realidade o mundo novo que Deus quere para todos os homes.

■1 ■ Xesús anuncia o Reino de Deus

Xesús, a través de distintas parábolas, preséntanos como é o Reino de Deus, as súas calidades.

É Deus quen a sementa no mundo (Mt 13,4-23).

O Reino de Deus é un don, un regalo gratuito seu.

É moi pequena, pero converterase nunha árbore frondosa (Mt 13,31-32)

Coma unha semente

Tén força interior para medrar por si mesma e dar froito. (Mc 4,26-29)

Coma o **fermento** que fai fermentar a masa. (Mt 13,33)

O Reino de Deus

Coma un **tesouro** que paga a pena adquirir. (Mt 13,44)

Coma un **campo** no que medran herbas boas e malas (Mt 13,24-30)

Coma unha **festa** á que se invita aos pobres e humildes (Lc 14,15-24)

■ 2 ■ Xesús realiza o Reino de Deus

Xesús coas súas obras manifestaba que El era o Fillo de Deus e con El chegaba o Reino de Deus. Por iso acolle, cura, perdoa, e vai liberando de toda enfermidade, dor, morte, pecado.



Xoán Bautista mandou a dous dos seus discípulos ao Señor a preguntarlle:

-¿Es ti o que tén que vir ou esperamos por outro?

Eles presentáronse a Xesús... Naquela mesma hora curou a moitos de doenças, padecementos e malos espíritos, e devolveulle a vista a moitos cegos. E logo, deullles a resposta:

-Ide e contádelle a Xoán o que acabades de ver e oír: os cegos ven, os coxos andan, os gafos ficam limpos, os xordos oen, os mortos resucitan, e aos pobres estáselles anunciando a Boa Nova. E ditoso quen non se escandalice de mim. (Lc 7,18-23)



O Reino de Deus que nos anuncia Xesús:

- É imposible de realizar
- É só para uns poucos
- É un regalo que El nos dá por amor
- É capaz de transformar o mundo enteiro
- Impónselle á xente pola forza
- Xa está no medio de nós

V	F
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

► Escribe se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as frases anteriores.

► ¿Que obras fai Xesús para realizar o Reino de Deus?

- _____
- _____



Memoria esperta

Traballar polo Reino

A Igrexa séntese hoxe continuadora da obra de Xesús. Invítanos a traballar a todos no Reino de Deus.

■ ¿Que anunciaba Xesús cando falaba do Reino de Deus?

■ ¿Que nos di Xesús nas parábolas sobre o Reino de Deus?

■ ¿Como realiza Xesús o Reino de Deus?

■ ¿Que pide Xesús para entrar no Reino?

■ É necesario acoller a palabra de Xesús. (CEC 543)

■ Xesús invita á conversión, sen a que non se pode entrar no Reino. (CEC 545)

■ Xesús ensínanos que se entra no Reino... facendo a “vontade do meu Pai que está nos ceos”. (CEC 2826)



Mans activas

Como colaborar no Reino

Xesús invitou a moitas persoas a acoller e colaborar no seu proxecto de realizar o Reino de Deus.

■ Actitudes para colaborar no Reino

Para colaborar no Reino de Deus contamos con CTV.

Estas siglas pódense converter en frase:

- Case Todos Valemos (Non: todos servimos, sen dúbida)
- Cos Teus Valores...
- Contamos Todos, Vivimos...



Á vez, pódese converter en inicio de palabras que resumen as actitudes para colaborar co Reino:

Confianza
onsello

Traballo
enacidade

Valentía
ontade

Actitudes	
	Pedirlle a alguén que nos oriente cando non sabemos.
	Estar convencidos de que somos capaces se de verdade o queremos.
	Esforzarse ata conseguilo sen cansar nin desanimarse.
	Non ter medo ás dificultades e tratar de superalas.
	Estar dispostos a realizalo, aínda que nos custe ou nos resulte difícil.
	Poñer os medios, facer todo o que sexa necesario para conseguilo.

► Escribe nos recadros da esquerda a palabra (cada unha das actitudes para colaborar no Reino) que corresponda ao que se indica na parte da dereita.